

Festas de San Roque en Melide

Melide: natureza, patrimonio e gastronomía ao pé do San Roque

A vila prepárase para gozar de nove días de celebracións mentres reivindica os seus grandes atractivos turísticos e culinarios

Iker Cotón

Melide dará mañá o pistoletazo de saída ás súas Festas de San Roque con nove días de celebración e un cartel de primeiro nivel. Panorama, París de Noia, 9Louro e moitas máis agrupacións de varios estilos musicais sucederanse do 14 ao 22 de agosto.

Malia isto, as Festas de San Roque non son, nin moito menos, o único atractivo de Melide. Este concello alberga, por exemplo, o chamado 'Teito da Coruña', ao que se pode acceder mediante a ruta dos Montes de Bocelo. Esta ruta comeza no núcleo urbano e discorre por fermosas paisaxes naturais, atravesando o río Pedrouzo e bosques repletos de flora autóctona. O cumio, situado no Coto do Pilar, atópase a 803 metros sobre o nivel do mar e permite observar unha espectacular panorámica.

Melide é, ademais, a vila que une a ruta do Camiño Primitivo e o Francés. Os visitantes poden desfrutar de numerosos recunchos históricos da localidade, con elementos patrimoniais como o Cruceiro de Melide, situado xunto á capela de San Roque e considerado un dos cruceiros máis antigos de Galicia. A peza está datada arredor do século XVI e contén representacións de Cristo e dun Calvario, constituíndo un dos elementos máis recoñecibles da localidade.

Outro dos puntos máis salientables de Melide é a igrexa de Santa María, de orixe medieval e declarada Ben de Interese Cultural. Este templo conserva no seu interior pinturas murais que achegan ao observador a historia da vila. Para os que queiran seguir coñecendo o pasado da localidade, o Museo da Terra de Melide é unha parada obrigada. As súas instalacións ofrecen

un percorrido pola arqueoloxía, a historia, a etnografía e as tradicións máis senlleiras de Melide.

E se hai un produto que caracteriza a gastronomía melidense, con permiso dos doces, dos que falaremos a continuación, ese é o polbo á feira. O cefalópodo combina unha grandísima calidade da materia prima cunha preparación tradicional e ben medida nas grandes potas de cobre. Pero é ben sabido que a vila conta cunha importantísima tradición reposteira, con produtos singulares que protagonizan a emblemática Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional.

Todo isto converte este concello nun destino moi atractivo, especialmente durante as celebracións de San Roque. O alcalde de Melide, José Manuel Pérez Penas, convida os cidadáns a achegarse á vila durante estas festas: «Agardamos e desexa-



O cruceiro de Melide, un dos máis antigos de Galicia.

Na localidade atópase un dos cruceiros máis antigos de Galicia, datado arredor do século XVI

mos que tanto a veciñanza como todas as persoas que nos visitan gocen destes días e da ampla programación preparada para estas xornadas. Son días nos que á programación de San Roque se suman a nosa gastronomía, o Camiño de Santiago, o comercio e o patrimonio, facendo destas datas unha boa ocasión para visitar e coñecer Melide». ■

MEDALLA DE ORO
na categoría D.O.P.
QUEIXO TETILLA

MEDALLA DE BRONCE
na categoría D.O.P.
ARZÚA-ULLOA

Orois-Melide-A Coruña
T. 981 808 009
lacteos@terrademelide.com

QUEIXOS TERRA DE MELIDE
www.lacteosterrademelide.com

SANGUIAO

SEGUROS - ASESORÍA

981 507 878 Principal • 981 506 162 Fax
Antonio Prado Diaz, 14 Bajo - 15800 Melide

PROMOCIÓN
monofocales
1 x 69€
progresivos
1x169€

táborra
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

Rúa Progreso, 13
Melide
981 505 199
634 950 412

Cafelería y Pastelería
Sabores de tradición

Estilo

ESPECIALIDADE EN MELINDRES AMENDOADOS E RICOS

C/ Progreso, 6 / MELIDE (A Coruña) • T: 981 505 153



MELID

SAN ROQUE

Agosto

2026

M^{odelos} **DELL**

Unga Unga!
Music



PANORAMA 14

CHARANGA **LEÑA VERDE** 15

MELLITA 9 LOURO

FROITO NOVO **TATOO** 16
BANDA DE ARZÚA ORQUESTRA

CHARANGA **BB+** **PARÍS DE NOIA** 17
BANDA DE VISANTOÑA

GRUPO **BOMBA** **NUEVO TANGO** 18
ORQUESTRA

CHARANGA **LOS TÁMEGA** **LOS SATÉLITES** 19

BANDA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

CHARANGA **LA FÓRMULA** 20
ARDORES ORQUESTRA

HERBA GRILEIRA **EL COMBO DOMINICANO** 21

CHARANGA **BANDA GRILEIRA**

PANORAMA CITY 22



Banda
Grileira

